

Helena González (ed. e sel.). *A tribo das baleas. Poetas de arestora. Antoloxía de la poesía gallega última. An Anthology of the Latest Galician Poetry*. Vigo: Xerais

Iria Sobrino Freire

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

SOBRINO FREIRE, IRIA (2011 [2003]). “Helena González (ed. e sel.). *A tribo das baleas. Poetas de arestora. Antoloxía de la poesía gallega última. An Anthology of the Latest Galician Poetry*. Vigo: Xerais”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 2001, 326-328. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/74>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

SOBRINO FREIRE, IRIA (2003). “Helena González (ed. e sel.). *A tribo das baleas. Poetas de arestora. Antoloxía de la poesía gallega última. An Anthology of the Latest Galician Poetry*. Vigo: Xerais”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 2001, 326-328.

* Edición dispoñíbel desde 011 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

HELENA GONZÁLEZ (ED. E SEL.). A TRIBO DAS BALEAS. POETAS DE ARESTORA. ANTOLOGÍA DE LA POESÍA GALLEGA ÚLTIMA. AN ANTHOLOGY OF THE LATEST GALICIAN POETRY. VIGO: XERAIS

Iria Sobrino Freire

Todo exercicio de autorrepresentación sistémica convida a reflexionar sobre os límites da intervención nos procesos culturais. Porque representar equivale, asúmase ou non, a ofrecer unha versión dos feitos (e non outra), que contribúe a redebuxar o mapa das posicións, reforzando unhas fronte a outras. Os axentes responsables da planificación cultural atopan na representación unha vía eficaz para transmitir modelos dunha realidade desexada, para crear novos repertorios, enfrontados ós establecidos, ou consolidar os xa existentes. E as antoloxías funcionan a este respecto como expositores nos que se mostran fragmentos que, ó seren recontextualizados, compoñen unha determinada orde, constrúen un determinado sentido. É dicir, *representando* modifican o estado de cousas.

Nos sistemas literarios cun grao de institucionalización máis feble, un dos discursos máis estendidos é aquel que, de xeito tácito ou explícito, cifra na “normalidade” (isto é, na semellanza estrutural con respecto a sistemas fortemente institucionalizados) o principal obxectivo que debe atinxir a praxe planificadora. Moito menos habitual é o cuestionamento da pertinencia dese parámetro, que se adoita tomar como punto de referencia básico á hora de valorar a suposta “saúde” do sistema .

A escolma da nova poesía galega que fai Helena González para Ablativo Absoluto responde en boa medida ó devandito propósito normalizador. De feito, o limiar comeza precisamente facendo alusión a que a emerxencia da denominada “poesía dos noventa”, coa súa “diversidade de propostas” constitúe dentro do panorama literario “un signo de normalidade”. A antóloga remite á súa propia produción crítica sobre a cuestión, que supón un primeiro paso na canonización do grupo e do repertorio. Desde esta perspectiva, resulta interesante reler algunhas daquelas reflexións:

[326] A estas alturas os termos acuñados, “poesía dos oitenta” ou “poesía dos noventa”, teñen unha innegable función de información socioliteraria (idade, formación, grupo de poetas afíns, amizade, lugares que se frecuentan...) pero non son tan axeitadas para unha eséxese real. É importante non crer nas etiquetas e a penas usalas. Non estamos falando de rimeiros de caixas de froita, senón de produtos culturais. De feito, xa cando a crítica forzou (forzamos) este precinto era consciente das dificultades e das incongruencias de meter en só dous curros a cabalos, poldras, cabalóns e garañóns que pertencen a manadas diversas, gobernadas cada unha delas por visións diferentes do labor da escrita, por intereses estéticos ou por posicións ideolóxicas. O caso é que se procedeu (procedemos) a unha rapa das bestas que malia a súa provisionalidade axudou (axuda) a saber quen é quen, e ademais, resulta ser unha ferramenta operativa á hora de preparar antoloxías, forzar premios ou artellar coleccións [Helena González, “Repensar, *fatigándose*, desde a desorde actual”, Grial 140 (1998), pp. 651-665].

Neste exercicio de autoconsciencia que vén acompañando o quefacer crítico de Helena González, a autora recoñece que o emprego das etiquetas “poesía dos oitenta” e “poesía dos noventa” responde a condicionamentos fundamentalmente pragmáticos (axuda a “preparar”, “forzar”, “artellar”). Desde unha concepción do campo literario como campo de forzas, no que a loita entre posicións actúa como principio xerador e unificador (Bourdieu), o conflito interxeracional adquire grande importancia simbólica para as culturas periféricas en tanto que índice de autonomía do campo. Deste xeito, se a finalidade da planificación é precisamente lograr esa autonomía, non resulta estraño polo tanto que desde determinadas instancias se potencie a polémica.

A “nova proposta poética” de Luciano Rodríguez e Teresa Seara (*Para saír do século*, Vigo: Xerais, 1997) defendía a poesía dos oitenta como a liña máis destacada da produción finisecular, ó tempo que negaba a existencia dunha poesía propia dos noventa e diferenciada da anterior. No polo contrario, *A tribo das baleas* traza unha barreira nida entre un xeito de entender a escrita poética caracterizado pola “gravidade, a transcendencia *avant la lettre* e o clasicismo”, atribuído ós poetas dos oitenta, e outro baseado na “procura enfebrecida da novidade”, considerado característico dos poetas dos noventa. Nunha marxe de tres anos, Edicións Xerais de Galicia saca do prelo, xa que logo, dúas antoloxías da poesía galega máis recente nas que se presentan visións radicalmente opostas en relación coa evolución do xénero. Malia repetírense dous dos autores incluídos (Ana Romaní e Miro Villar) –pois ambas parten do autor como unidade básica do conxunto antolóxico–, os criterios que vertebran as pequenas historias da literatura subxacentes non poden ser máis afastados. Se no primeiro caso se presentaba un modelo baseado na continuidade, no segundo, pola contra, priorízase a ruptura, o enfrontamento da “tribo” dos noventa co “parnaso” dos oitenta, nunha xerarquía inevitablemente violenta.

Por último, outro aspecto no que se manifesta a vontade planificadora é na tradución dos textos ó castelán e ó inglés. En certos estudos sobre planificación cultural, a tradución concíbese como un caso paradigmático de planificación por parte do sistema receptor. Nesta liña, o teórico israelí Gideon Toury afirma que naquelas culturas nas que existen baleiros estruturais, percibidos como “carencias” en comparación con culturas máis asentadas, os axentes planificadores empregan a tradución como medio para enchelos (“Cultural Planning and Translation”, en <http://spinoza.tau.ac.il/~toury/works>). Sen embargo, desde outra perspectiva, tamén se pode entender a tradución como un acto planificador *desde e para* a cultura fonte. Neste sentido, o obxectivo non se cifraría tanto en introducir as obras nos sistemas receptores como en prestixiar a propia cultura a través da tradución de determinados textos a linguas consideradas “fortes”. Así, o feito de converter certos produtos en obxectos exportables, á marxe da súa acollida real fóra das fronteiras do sistema, contribúe a crearlles ós seus propios integrantes a imaxe dunha cultura consolidada.

En conclusión, a aparición de *A tribo das baleas* no panorama crítico galego pódese interpretar como un intento de normalización do sistema poético a través da estratexia da representación. En efecto, o número 21 da colección Ablativo Absoluto ponlles ós lectores diante dos ollos un relato sobre o novo que vence ó vello e o local que devén universal. Baixo a hipótese de que a normalidade se crea demostrando que é posible, intentando facela verosímil, aquí e agora.